



EL OBISPO DE MONDOÑEDO-FERROL

Prot. N. 48/2017

NOVO ORGANIGRAMA E NOMEAMENTOS DA CURIA E COORDINACIÓN E ANIMACIÓN PASTORAL DA DIOCESE

30 de xuño de 2017

Queridos diocesanos:

Con ledicia e esperanza no medio da realidade que coñecemos, teño a honra de presentarvos a remodelación do organigrama da curia diocesana e de anunciárvolos nomeamentos da mesma, así como os de coordinación e animación de pastoral en Mondoñedo-Ferrol. Ofrecémosvos como froito de moitas horas de escoita, diálogo, reflexión e oración.

Trátase dun dos medios para realizar a misión que nos foi encomendada neste momento histórico. Reflicte aportacións que chegaron de leigos, persoas consagradas e sacerdotes de toda a diocese. Inclúe tamén distintas áreas que nos resultan agora prioritarias á luz de *Evangelii Gaudium* para buscar e aproveitar sinerxías, para esixirnos unha misión compartida na que se poñan en marcha algúns dinamismos de cooperación imprescindibles. Continuaremos moitas das tarefas que vimos realizando, sempre procurando melloralas, e emprenderemos tamén algunhas novas. En calquera caso, o modo en que realicemos a partires de agora os traballos do Evanxeo nestas terras haberá de verse impulsado co renovado entusiasmo que ven sempre do Espírito Santo.

En primeiro lugar, comunicovos que haberá dúas vicarías de pastoral novas. Por unha parte, a denominada “Vicaría de evanxelización”, cuxo Vicario episcopal será D. Antonio J. Valín Valdés. Integrará e coordinará todo o referente ao primeiro anuncio, iniciación cristiá e acompañamento na celebración e maduración da fe. Por outra, a “Vicaría de misión misericordiosa e samaritana”, cuxo Vicario episcopal será D. Gonzalo Varela Alvaríño. Abarcará a acción caritativa e social que realiza a Igrexa e que é evanxelización de primeiro orden nestes tempos. Ambas vicarías contarán cunha comisión permanente para realizar a súa encomenda de organización e animación pastoral de conxunto. Será un equipo de traballo estreitamente coordinado, de sorte que poida servir de instrumento para desenvolver o novo *Plan pastoral diocesano*.

Con respecto ao resto de nomeamentos, destaco o do novo ecónomo diocesano, D. Xoán Xosé Fernández Fernández. Aínda que xa se fará convenientemente, agradezo a D. Ramón Otero Couso a súa entrega e desvelos de tantos anos na tarefa de ecónomo diocesano, así como a súa excelente disposición para realizar o traspaso deste importante servizo diocesano. Igualmente sinalo que o Sr. Vicario Xeral e Moderador de Curia, D. Antonio Rodríguez Basanta, será tamén Delegado do Clero e deixará as súas tarefas no Servizo Diocesano de Comunicación, ao que se incorporará D. Rubén Daniel Amor Fernández, leigo, como secretario e portavoz do mesmo, así como director de Dumio.

Por outro lado, haberá delegacións novas que responden a suxerencias chegadas á Secretaría de Pastoral ou que xurdiron no Consello de Goberno. Así, as do Camiño de Santiago, Pastoral Rural e Pastoral Penitenciaria. Outras terán novidades ou se organizarán doutro modo. Aparecen Xustiza, Paz e Integridade da Creación e Inmigrantes e Refuxiados, incluídas no “Desenvolvemento humano integral” xunto á existente pastoral da saúde. Pola súa parte a pastoral vocacional estará integrada na pastoral xuvenil e familiar, animada por un sacerdote, un matrimonio e unha persoa consagrada. Como última novidade destacable, nomearei a un sacerdote diocesano como formador dos nosos seminaristas, que manterá un contacto asiduo con eles no Seminario de Lugo.

Aproveito a ocasión para agradecer tódalas aportacións que van chegando durante este curso ao Plan pastoral diocesano. Agradezo ao Consello de Goberno o seu inestimable traballo na maduración deste organigrama e nos nomeamentos que presentamos. Do mesmo xeito, dou as grazas aos máis directamente implicados nestes cambios pola súa dispoñibilidade e entrega. E, sobre todo, encomendo a Nosa. Sra. dos Remedios e a San Rosendo a cada persoa de esta Igrexa diocesana de Mondoñedo-Ferrol, así como a misión que o Señor nos ten confiado. El a levará a bo termino.

Un abrazo fraterno de comunión.

✠ Luis Ángel de las Heras, C.M.F.

Obispo de Mondoñedo-Ferrol